

Proxecto de innovación para o uso educativo das TIC's

CEIP CURROS ENRIQUEZ

de Celanova - Ourense

Proxecto de innovación para o uso educativo das TIC's

Xustificación

Os mestres e mestras CEIP CURROS ENRIQUEZ de Celanova, en relación coa

Orde do 5 de maio de 2008 pola que se convocan axudas para a realización de proxectos de innovación para un uso educativo das tecnoloxías da información e a comunicación para o curso 2017-2018

estiman necesaria a participación nos devanditos proxectos tendo en conta que, tal como se refire na propia Orde, estamos ante un novo escenario educativo para os currículos escolares e para as prácticas educativas.

Existe entre os docentes do noso Centro una conciencia clara de que se presentan novas vías para o desenvolvemento e adquisición das competencias básicas e as TIC constitúen una ferramenta extraordinariamente potente como elemento para desenvolver os procedementos para acadar tales competencias. Existe tamén entre nós o convencemento de que esta ferramenta está ó noso alcance e que o esforzo invertido na súa aprendizaxe terá unha alta rendibilidade práctica que reverterá nunha mellora da calidade educativa do noso Centro.

A posta en práctica do presente plan implica, tal como se verá, a participación activa de tódolos sectores da Comunidade Escolar, tanto a título individual como dende os diferentes equipos e departamentos que conforman a nosa escola.

As ferramentas das novas tecnoloxías deben responder a un proceso integrador educativo que sirva de desenvolvemento para acadar as competencias básicas.

Na actualidade o Centro ven traballando con ferramentas de web 2.0, o que permite a interactividade e os usos sociais das novas tecnoloxías. O coordinador das TIC do centro: D. Juan José Lamelas Caneiro traballou nun grupo durante máis dun ano na Estructura Galega de Contidos. Levamos DRUPAL e contamos cun blog de biblioteca.

canistrel.blogspot.com

Obxectivos

O coordinador das TIC's do CEIP Curros Enríquez de Celanova elabora para o presente curso un Plan de Utilización das Novas Tecnoloxías cos seguintes obxectivos:

1. Optimización dos recursos informáticos e audiovisuais do Centro.
2. Aplicar os recursos das TIC's como canal para o desenvolvemento das competencias básicas.
3. Desenvolver os aspectos de formativos e lúdicos das Novas Tecnoloxías.
4. Utilización das TIC's como elemento vertebrador e integrador dos diferentes Equipos do Centro: Equipo de Biblioteca, Equipo de Normalización Lingüística, Equipos de Ciclo.
5. Facilitar o achegamento dos mestres, alumnos e pais a novos procedementos didácticos.

Desenvolvemento

Para acadar os obxectivos propostos deséñanse as seguintes actividades a desenvolver:

1. Utilización do taboleiro dixital. Implantación do proxecto e-dixgal en quinto curso de Educación Primaria. Establecemento de horarios e proposta de actividades.
Pretendemos, en primeiro lugar o acercamento dos Mestres á utilización do taboleiro dixital como recurso didáctico a través dunhas sesións de formación no Centro que serán despois trasladadas ás diferentes aulas cos nenos. Desexamos unha introdución gradual dos taboleiros dixitais tanto na Educación Infantil e Primaria polo que se pretende que cada un dos titores e especialistas do Centro pase cos alumnos pola aula dixital polo menos dúas veces por trimestre.
2. O uso do proxector como ferramenta integradora de Internet na aula. O noso interese radica na potencialidade da rede como recurso para reforzar a aprendizaxe dos contidos das diferentes áreas e como vehículo de ampliación de coñecementos e de satisfacción de intereses para os alumnos.
3. Optimización do funcionamento da Aula de Informática do Centro: mantemento e mellora dos equipos, horarios de utilización por tódolos niveis educativos, preparación previa das actividades a realizar.
4. Participación activa dos mestres na páxina web dinámica do centro

a través, primeiro da formación dos mestres, e logo da súa implicación na elaboración de contidos. O proceso de formación realizaríase en base ó seguintes módulos:

Módulo 1

1. Concepto de web dinámica
2. Estructura da web do Centro
3. Administrador e usuarios

Módulo 2

1. Creación de contidos: Textos propios
 - a. Crear unha páxina de texto
 - b. Uso da barra de ferramentas do editor: formato, fontes...
 - c. Conceptos básicos para subir a páxina á web do Centro
 - d. Editar, modificar, borrar a páxina

Módulo 3

1. Creación de contidos: Textos Word, ou web
 - a. Incorporar á web un texto de Microsoft Word, de Internet ou de Acrobat Reader. Borrado de códigos a través do Bloc de Notas
 - b. Incorporación de imaxes de Internet
 - c. Uso da barra de ferramentas
 - d. Editar, modificar. Peso da páxina na xerarquía de categorías

Módulo 4

1. Creación de contidos: Arquivos de texto con Acrobat Reader
 - a. Creación de arquivos Acrobat Reader
 - b. Incorporación á páxina do Centro
 - c. Editar, modificar

Módulo 5

1. Creación de contidos: Edición de Imaxes
 - a. Adecuación do tamaño que ocupa a imaxe co programa PICSIZER
 - b. Incorporación dunha imaxe á páxina do Centro
 - c. Galería de imaxes

Módulo 6

1. Creación de contidos: Edición de Vídeo
 - a. Adecuación do tamaño de vídeo
Incorporación dun vídeo á páxina do Centro

Unha vez realizada esta formación en seis sesións estableceranse responsabilidades de actuación sobre apartados concretos que serán coordinados por un administrador da web a través do equipo das TIC's do colexio.

5. Emprego práctico dos coñecementos adquiridos nos seguintes aspectos
 - Reforzo didáctico nas diferentes áreas a través do software educativo e de internet.
 - Web dinámica do Centro
 - Revista Escolar
 - Plan Lector
 - Edición audiovisual de: Festivais, Letras Galegas, Concursos literarios, saídas, obradoiros e educativas.
6. Participación dos alumnos e país no desenvolvemento da páxina web dinámica primeiro como receptores de información: lecturas na web, exercicios de búsqueda de información en internet, realización de actividades complementarias (algunhas delas xa se poden encontrar na nosa páxina) e logo como participantes activos na construción da páxina no apartado que lles corresponde. A revista escolar será un vehículo excelente para tales pretensións.
7. Mellora da dotación do software educativo do Centro.
8. Optimización dos recursos informáticos:
 - a. Solicitude da extensión da rede a todo o Centro.
 - b. Mellora da seguridade dos equipos
 - c. Uniformidade no software.
 - d. Solicitude de ordenadores a fin de acadar un por aula.
 - e. Solicitude dunha fotocopiadora con conexión de rede.
 - f. Dotación a cada mestre dun Pen Driver para uso educativo.

Recursos

a) Recursos Humanos:

A posta en marcha e o desenvolvemento do plan ten ó Equipo das TIC's como vehículo promotor e impulsor. Este equipo estará constituído polo Xefe de Estudos, que actuará como coordinador, o responsable da Biblioteca Escolar, a Coordinadora do Equipo de Normalización Lingüística, e un representante de cada un dos Ciclos impartidos no noso Centro. Este equipo dinamizará a participación no plan dos Mestres, dos alumnos e dos país tal como se perfila nos obxectivos e nas actividades propostos.

b) Recursos Materiais:

- Aula de Informática (16 ordenadores en rede e proxector)

- Taboleiro dixital.
- Biblioteca Escolar.
- Cámara de fotos e de vídeo dixital.
- Software
 - Sistema operativo Windows xp
 - Microsoft Office. Transformación de documentos a pdf con pdf converter 3.0
 - Software educativo do Centro
 - Edición de fotografías a través do visor de Windows, montaxe de reportaxes fotográficos a través do Picture Package de Sony. Mellora da edición con Photoshop. Adecuación de tamaño por medio de PicSizer.
 - Edición de vídeo a través de Pinnacle e adaptación a Flash. Conversión de formatos con Swichvideo3
 - Programa de voz Pcvoz 8.0
 - Software específico para a elaboración de materiais educativos: puzles dixitais, montaxes musicais, efectos especiais e calquera outro considerado de utilidade como recurso por parte do Equipo das TIC's

Avaliación

A avaliación da eficacia do presente plan realizarase de maneira continua a través de reunións periódicas do Equipo das TIC's do Centro e terá en conta os seguintes aspectos:

1. Repercusións da aplicación do plan na formación dos Mestres e no alumnado.
2. Avaliación do rendemento do alumnado respecto da adquisición e mellora das competencias básicas a través da aplicación do plan.
3. Valoración da participación activa dos distintos sectores da Comunidade Escolar no desenvolvemento do plan.
4. Retroalimentación a través da revisión crítica dos aspectos a mellorar.